

Día das Letras Galegas

Traducir *Os Eidos*

Unha experiencia alemá

MARGA ROMERO

No número 8 (XI-1999) da desaparecida revista *Galicien Magazin*, da tamén desaparecida asociación Deutsch-Galicischen Gesellschaft, editada polo Galicien-Zentrum da Universidade de Tréveris, pódense ler –froito do labor das lectoras de lingua e literatura galegas de Berlín, Heidelberg e Trier daquel tempo– uns poemas de Novoneyra traducidos ao alemán. Era un xeito de erguer un Monumento á Ausencia. Esa ausencia en que mora a literatura galega no mundo e que só se pode superar co estudo da lingua e da historia de Galiza alén das fronteiras, porque nelas van “tó-

gar ao Courel coa imaxe, e isto axuda para dar coas palabras de Novoneyra, o gran reto. Da “Letanía” pódese levar ao alemán a disposición dos versos, a parte en cursiva do coro, os silencios e as pausas, pódese mesmo levar á forza a HISTORIA, a “GALICIEN irmandiña”, e o significado dese adxectivo só se pode explicar nunha nota a pé de páxina, porque hai palabras que deben viaxar sen mudar a roupaxe da lingua.

A dificultade da comprensión total do poema para un lector ou lectora alemán non debe ser maior que para un lector galego, ese é un dos obxectivos da tradución. Esa dificultade non debe ser maior que a que teñan os lectores de “Vietnam Canto”. Manuel Rodríguez Rivas e Vera Miller, estudantes da Universidade de Heidelberg, achegaron a tradución do poema “Cousos” d’*Os Eidos I*; o verso “O lobo! Os ollos o lombo do lobo!, en versión alemá di: “Der Wolf! Die Augen, der Rücken des Wolfs”, perdendo, tal e como apuntaron os responsábeis da versión, as aliteracións. É difícil trasladar a dimensión fónica que caracteriza ao poeta, ese fonosimbolismo que ten sinalado Rodríguez Fer. Como é difícil chegar a dimensión que abrangue a palabra *Eido*. Desde Trier, seleccionei con Joachim Wommuth versos de *Poemas de doada certeza*. “I este brillo premido entre as pálpebras” non presentou problemas: a beleza contida en “a panadeira de maos de panadeira” dános “die Bäckerin mit den Händen der Bäckerin”; tampouco a profundidade aforística de “O que canta sabe que está seguro/ como gardado” vertido como “Wer singt weiß, das er sicher ist/ wie aufgehoben”. O problema xorde cando o tradutor non habita o mundo do autor, non o apreheende en todas as dimensións, non penetra no fondo das palabras e tamén nos seus silencios. Porque as palabras non dormen nos dicionarios, viven nos versos actualizadas na lingua do poeta, por exemplo: *Eido*, terreo cultivado e/ou terras que circundan á casa e/ou o relacionado cunha actividade, arte ou ciencia. En Novoneyra, *Eido* é tamén: “a terra nativa”, “o lugar onde se vive”, “miña terra, meu lar”. Por iso *Eido* debe trasladarse á outra lingua coa roupaxe do galego e só, fóra do poema, a pé de páxina, achegar unha explicación. Así: “Deiteime na herba/ cas mans nas meixelas./ OS EIDOS” é dicir “Ich legte mich ins Gras/ mit den Händen an den Wangen. OS EIDOS”. A arela que quen Novoneyra en galego ou noutra lingua descubra *Os Eidos*, o Courel, e a inmensidade da súa sombra que é “GALICIA viva inda” é dicir: “GALICIEN am leben noch”.

dolos rostros do noso pobo.”

Sandra Castiñeira, daquela lectora de galego en Berlín, responsabilizouse da tradución da “Letanía de Galicia” -“Die Litanei Galiciens” en alemán-, texto que agora forma parte do libro *20 Gedichte aus Galicien/ 20 poemas galegos*, (Espiral Maior, 2007). Hoxe, o público pode chegar, a través da rede e das novas tecnoloxías, a espazos ignotos e afastados hai cen anos; por exemplo, podemos atopar tamén na rede a lectura da “Letanía de Galicia” na voz de Novoneyra, o que aproxima e conecta mundos e tamén mellora as traducións. Os dicionarios (inexistentes desde o galego para outras linguas) reciben a axuda da Internet; as palabras e a súa pronuncia viaxan na rede, as palabras reciben e levan imaxes. Pódese che-





UXÍO NOVONEYRA EN XERAIS
LETRAS GALEGAS 2010
 xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>
en galego todo o tempo